

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE ECONOMÍA E EMPRESA

18005 *Real decreto 1517/2018, do 28 de decembro, polo que se modifica o Regulamento sobre as condicións para a prestación de servizos de comunicacións electrónicas, o servizo universal e a protección dos usuarios, aprobado polo Real decreto 424/2005, do 15 de abril.*

Desde 1998, as directivas europeas, á vez que procederon á liberalización do sector das telecomunicacións, arbitraron mecanismos para evitar que ese proceso puidese desembocar no abandono de colectivos desfavorecidos ou na falta de prestación de determinados servizos considerados esenciais no sector. O principal mecanismo deseñado para o efecto foi a configuración do concepto de servizo universal de telecomunicacións.

No marco legal actual, conforme o artigo 25 da Lei 9/2014, do 9 de maio, xeral de telecomunicacións, o «servizo universal de telecomunicacións» consiste no conxunto definido de servizos cuxa prestación se garante a todos os usuarios finais con independencia da súa localización xeográfica, cunha calidade determinada e a un prezo accesible.

O servizo universal comprende catro prestacións:

a) A garantía de que todos os cidadáns accedan a unha conexión á rede pública de comunicacións electrónicas desde unha localización fixa que, pola súa vez, proporcione un acceso funcional á internet.

b) A existencia dunha guía telefónica «universal», isto é, na cal figuren todos os abonados ao servizo telefónico, con independencia do operador con que contratasen o servizo, así como a existencia dun servizo de consulta telefónica sobre números de abonado.

c) A existencia dunha oferta suficiente de teléfonos públicos de pagamento situados no dominio público de uso común.

d) A garantía de prestacións específicas para persoas con discapacidade e de ofertas dirixidas a persoas con necesidades sociais especiais.

O servizo universal, pola súa propia natureza, trata de garantir unhas prestacións para o suposto de que a dinámica do mercado do sector non as garanta. Así mesmo, as prestacións incluídas nel van evolucionando para adaptarse á realidade do mercado.

O artigo 23.5 da Lei 9/2014, do 9 de maio, xeral de telecomunicacións, permite que se poida acordar o cesamento no cumprimento de obrigacións de servizo público impostas en materia de telecomunicacións cando os servizos se están prestando en competencia, en condicións de prezo, cobertura e calidade de servizo similares a aquelas en que os operadores designados deben prestalas. Pola súa vez, e con carácter máis específico, o artigo 25.4 da citada lei permite revisar o alcance das obrigacións de servizo universal «de conformidade coa normativa comunitaria».

Esta opción vén avalada por varios factores: en primeiro lugar, actuacións similares noutros países da Unión Europea. Tampouco pode descoñecerse que o novo marco normativo da Unión Europea en materia de comunicacións electrónicas, o denominado Código europeo das comunicacións electrónicas, aprobado pola Directiva 2018/1972, do 11 de decembro de 2018, do Parlamento Europeo e do Consello, non prevé determinadas prestacións como parte do servizo universal.

No marco da transposición desa directiva, revisarase o alcance das prestacións, entre elas a obrigación dunha oferta suficiente de teléfonos de pagamento. Até ese momento resulta necesario manter a designación dun operador que preste unha oferta suficiente de teléfonos públicos de pagamento. Este aspecto é consistente co ditame do Consello de Estado que entende que aínda que a necesidade cuberta a través desta prestación foi en

gran parte substituída por outras solucións, a súa supresión debe establecerse con rango de lei.

Dada a perentoriedade dos prazos, xa que o día 31 de decembro de 2018 finaliza a designación do operador actualmente designado para a prestación do elemento do servizo universal consistente na existencia dunha oferta suficiente de teléfonos públicos de pagamento, procede agora estender até o 31 de decembro de 2019 a designación efectuada pola Orde ETU/1974/2016, do 23 de decembro, pola que se designa Telefónica de España, S.A.U. como operador encargado da dita prestación.

Así mesmo, tendo en conta que non existe na actualidade operador designado para a prestación do servizo de consulta telefónica sobre números de abonado, por entender, de acordo co citado ditame, que o dito servizo se presta na actualidade en réxime de competencia, procede modificar o Regulamento sobre as condicións para a prestación de servizos de comunicacións electrónicas, o servizo universal e a protección dos usuarios, aprobado polo Real decreto 424/2005, do 15 de abril, co fin de asegurar a aplicación aos usuarios con cegueira ou con discapacidade visual grave dunha franquía de 10 chamadas mensuais gratuítas ao servizo de consulta telefónica sobre números de abonado, atribuíndo a súa prestación ao operador actualmente designado para a prestación dos elementos de servizo universal relativos á subministración da conexión á rede pública de comunicacións electrónicas e á prestación do servizo telefónico dispoñible ao público.

O servizo universal forma parte da regulación, tanto europea como española, dos servizos de comunicacións electrónicas. Encádrase, polo tanto, dentro do réxime das telecomunicacións e, con isto, na competencia estatal recoñecida no artigo 149.1.21.^a da Constitución.

Respecto ao principio de transparencia, explicitáronse os motivos que xustifican a presente modificación normativa, despois de efectuar a consulta pública e o trámite de audiencia e información pública previstos no artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Este real decreto encóntrase incluído no Plan normativo anual da Administración xeral de Estado de 2018. Durante a súa tramitación, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia e o Consello de Consumidores e Usuarios emitiron informe sobre o real decreto.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Economía e Empresa, coa aprobación previa da ministra de Política Territorial e Función Pública, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 28 de decembro de 2018,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Regulamento sobre as condicións para a prestación de servizos de comunicacións electrónicas, o servizo universal e a protección dos usuarios, aprobado polo Real decreto 424/2005, do 15 de abril.*

O Regulamento sobre as condicións para a prestación de servizos de comunicacións electrónicas, o servizo universal e a protección dos usuarios, aprobado polo Real decreto 424/2005, do 15 de abril, queda modificado nos seguintes termos:

Un. Engádesse un novo parágrafo ao número 2 do artigo 33, co seguinte literal:

«O operador designado aplicará aos usuarios con cegueira ou con discapacidade visual grave, e a aqueles abonados en cuxa unidade familiar exista algunha persoa en tales circunstancias, unha franquía de 10 chamadas mensuais gratuítas ao servizo de consulta telefónica sobre números de abonado.»

Disposición adicional primeira. *Garantía das chamadas ao servizo de consulta sobre números de abonado por persoas con discapacidade visual.*

O operador actualmente designado para a prestación dos elementos de servizo universal relativos á subministración da conexión á rede pública de comunicacións electrónicas e á prestación do servizo telefónico dispoñible ao público, mentres estea vixente a súa designación, continuará a aplicación aos usuarios con cegueira ou con discapacidade visual grave, e a aqueles abonados en cuxa unidade familiar exista algunha persoa en tales circunstancias, dunha franquía de 10 chamadas mensuais gratuítas ao servizo de consulta telefónica sobre números de abonado nos termos establecidos polo Acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos do 25 de xaneiro de 2007 polo que se aproban as condicións para garantir a accesibilidade das ofertas aplicables aos servizos incluídos no servizo universal, publicado pola Orde PRE/531/2007, do 5 de marzo.

Disposición adicional segunda. *Designación de operador encargado da prestación do elemento de servizo universal de telecomunicacións relativo á subministración dunha oferta suficiente de teléfonos públicos de pagamento.*

Esténdese até o 31 de decembro de 2019 a designación efectuada pola Orde ETU/1974/2016, do 23 de decembro, pola que se designa Telefónica de España, S.A.U. como operador encargado da prestación do elemento de servizo universal de telecomunicacións relativo á subministración dunha oferta suficiente de teléfonos públicos de pagamento. Telefónica de España, S.A.U. deberá prestar este elemento do servizo universal de telecomunicacións nas condicións establecidas na citada Orde ETU/1974/2016, do 23 de decembro.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Desenvolvemento e aplicación deste real decreto.*

Autorízase a persoa titular do Ministerio de Economía e Empresa para ditar cantas disposicións resulten necesarias para o desenvolvemento e aplicación do presente real decreto.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 28 de decembro de 2018.

FELIPE R.

A ministra de Economía e Empresa,
NADIA CALVIÑO SANTAMARÍA